

Resolución reitoral do 27 de febreiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de tres premios para emprendedores da Universidade da Coruña no marco do programa “Santander X Spain Awards | Proxectos Emprendedores Universitarios 2026” e se procede á súa convocatoria para o curso 2025/26

PREÁMBULO

De acordo co documento de adhesión asinado entre o Banco Santander S. A. e a Universidade da Coruña, convócase o programa “Santander X Spain Awards | Proxectos Emprendedores Universitarios 2026”.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxectivo da bolsa

1. A Universidade da Coruña (UDC) e o Banco Santander, co ánimo de incentivaren a participación da comunidade universitaria da UDC en materia de emprendemento, convocan para o curso 2025/26 tres premios a proxectos emprendedores que se encontren en fase de validación para o lanzamento no mercado.
2. A convocatoria rexeráse polo establecido nesta resolución reitoral e polas bases reguladoras do programa "Santander X Spain Awards | Proxectos Emprendedores Universitarios 2026", publicadas polo Banco Santander na Plataforma Santander X na seguinte ligazón:

<https://app.santanderx.com/calls/santander-x-award-proyectos-emprendedores-universitarios-2026>

3. A participación nesta convocatoria supón a aceptación das condicións establecidas nela e nas mencionadas bases reguladoras do programa do Banco Santander.

Artigo 2. Dotación e contía

1. O financiamento da axuda farase con cargo ao convenio asinado entre a UDC e o Banco Santander e con cargo á partida orzamentaria 03.0A.25.00.05 422D 480.02 por un importe total de 6000 €.
2. O programa ofrécelles a cada un dos tres (3) proxectos gañadores:
 - Un premio económico de 2000 €, destinado ao desenvolvemento da solución emprendedora presentada.
 - Acceso ao premio nacional “Santander X Spain Award | University 2026” e a promoción en redes sociais e páxinas web do Grupo Santander.

A UDC pode ofrecer o acceso a mentorías especializadas coordinadas por un grupo experto de entidades colaboradoras.

CAPÍTULO II. Requisitos

Artigo 3. Requisitos das persoas solicitantes

1. Poderá optar ao premio o estudantado, as persoas graduadas, o persoal docente investigador, o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos ou persoal investigador da UDC que cumpra o disposto nas bases reguladoras mencionadas no artigo 1.2 desta convocatoria.
2. En calquera caso, como mínimo unha persoa do proxecto deberá ter vinculación actual coa UDC e deberá ser a que presente a solicitude na plataforma da UDC, segundo o que establece o capítulo III. No caso de ser premiado o proxecto que representa, esa persoa solicitante será quen perciba o importe do premio.
3. Como mínimo unha persoa do proxecto deberá ter a residencia en España.

Artigo 4. Requisitos dos proxectos emprendedores candidatos

Como mínimo, o proxecto emprendedor candidato debe cumprir un dos seguintes requisitos:

1. Ser un proxecto en fase de validación, escalable e innovador, con produto mínimo viable (MVP) ou empresa constituída sen facturación nin investimento.
2. Ter un prototipo conceptual para validar a solución con potenciais clientes.
3. Estar orientado ao desenvolvemento e/ou fabricación de novos produtos ou servizos para o mercado.
4. Ser un proxecto innovador baseado en nova tecnoloxía, aplicación, modelo de negocio ou proceso.

CAPÍTULO III. Solicitudes

Artigo 5. Procedemento de solicitude

O procedemento para a solicitude de participación no programa é integramente telemático.

1. As persoas candidatas deberán presentar os seus proxectos do seguinte xeito, obrigatoriamente tanto na plataforma Santander X coma no formulario en liña da UDC.
 - a) Presentación da solicitude na plataforma Santander X:
 - a. Como mínimo, unha persoa do proxecto emprendedor debe rexistrarse na plataforma Santander X e inscribirse no programa a través dela.
 - b. O nome e a descrición do proxecto deberán coincidir en calquera caso co indicado na memoria do proxecto presentada na plataforma da UDC.
 - c. O/a solicitante deberá ser preferentemente a mesma persoa que presente a solicitude na plataforma da UDC. No caso de non ser posible, deberase



identificar na solicitude da plataforma da UDC a persoa membro do equipo que vai realizar este trámite.

d. A ligazón para presentar á solicitude é:

<https://app.santanderx.com/calls/santander-x-award-proyectos-emprendedores-universitarios-2026>

- b) Presentación da solicitude na plataforma da UDC a través dun formulario en liña:
- a. Será realizada pola persoa con vinculación coa UDC que sexa a emprendedora do proxecto ou representante do equipo do proxecto, de acordo co establecido no artigo 3.2 e que se autenticará coas súas credenciais da UDC para presentar a solicitude.
 - b. Neste formulario en liña solicitarase a seguinte información:
 - i. Datos identificativos das persoas participantes no proxecto, para o caso de ser máis dunha, con indicación das persoas que cumpran os requisitos indicados no artigo 3.
 - ii. Documento coa memoria do proxecto segundo o establecido no anexo 1 desta convocatoria. A memoria presentárase en formato PDF e deberá estar asinada por todos as persoas integrantes do equipo, con indicación da persoa que percibirá o premio.

A ligazón para acceder ao formulario da UDC estará dispoñible na web da Unidade de Emprego da UDC:

<https://www.udc.gal/emprego/emprendemento/premios-prox-empred/>.

En calquera caso, para considerar a solicitude como correctamente presentada deberase presentar nas dúas plataformas indicadas. Será motivo de exclusión da solicitude non realizar a presentación do xeito indicado.

2. Nos casos en que a UDC así o solicite ás persoas candidatas, será imprescindible acreditar documentalmente o cumprimento dos requisitos mediante a incorporación da documentación xustificativa que corresponda en cada caso, que se enviará ao correo emprego.vee@udc.gal.

Artigo 6. Prazo de solicitude

O prazo de solicitude estenderase desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC ata o 17 de abril de 2026.

CAPÍTULO IV. Adxudicación dos premios

Artigo 7. Procedemento de adxudicación

O procedemento de selección dos proxectos e valoración dos proxectos seleccionados para a asignación dos premios rexeranse polo disposto nesta convocatoria e nas bases reguladoras mencionadas no artigo 1.2. O devandito proceso constará de tres (3) fases, tal como se describe a continuación:

Fase 1: Preselección de proxectos candidatos que cumpran os requisitos

O día 27 de abril publicarase no TEO da UDC a resolución provisional de candidaturas admitidas. Contra a dita resolución poderá presentarse unha reclamación no prazo de catro días hábiles que contarán a partir do día seguinte á súa publicación no TEO. A reclamación realizarase do xeito indicado nesa resolución provisional.

Transcorrido este prazo, o día 8 de maio de 2026 serán notificados os proxectos candidatos do estado da súa candidatura a través da publicación da resolución definitiva de candidaturas admitidas no TEO e na plataforma Santander X.

Fase 2: Avaliación de proxectos candidatos e selección de proxectos finalistas

A avaliación dos proxectos preseleccionados na fase 1 será realizada por un comité avaliador, de acordo cos seguintes criterios ponderados establecidos nas bases reguladoras mencionadas no artigo 1.2:

- Potencial de impacto: 25 %
- Calidade na innovación: 15 %
- Viabilidade: 15 %
- Escalabilidade: 15 %
- Vantaxe competitiva: 15 %
- Estrutura do equipo: 15 %

O día 2 de xuño de 2026 publicarase no TEO da UDC a listaxe dos participantes finalistas e informarase, a través de Santander X, á persoa que presentara a solicitude nesa plataforma, quen recibirá un correo en que se lle notificará o avance á seguinte fase.

Fase 3: Selección de proxectos gañadores por un xurado

A fase de selección terá lugar entre os días 3 de xuño e 1 de xullo de 2026 e nela os equipos finalistas terán que realizar unha presentación dos seus proxectos emprendedores. Esta presentación realizarase segundo o que establecen as bases reguladoras indicadas no artigo 1.2. A valoración dos proxectos finalistas será realizada por un xurado, tendo en conta os seguintes criterios ponderados establecidos nas ditas bases reguladoras:

- Potencial de impacto: 20 %
- Escalabilidade: 20 %
- Vantaxe competitiva: 20 %
- Estrutura do equipo: 20 %
- Valoración do pitch: 20 %

Artigo 8. Resolución da convocatoria e notificación

1. O día 2 de xullo de 2026 publicarase no TEO da UDC a resolución coa relación dos tres proxectos gañadores, que serán informados a través da plataforma Santander X a través dun correo de notificación á persoa que presentara a solicitude nesta

plataforma. O xurado resérvase o dereito a conceder unha “Mención de Honra” ao proxecto finalista que, pola súa alta calidade, estivese a punto de converterse en proxecto gañador.

2. Nesta resolución, que pon fin á vía administrativa, indicárase a contía da axuda e das posibles condicións técnicas e económicas de observancia obrigatoria que se puidesen establecer.

CAPÍTULO V. PAGAMENTO

Artigo 9. Pagamento dos premios

1. A UDC aboará o importe do premio mediante unha transferencia bancaria nunha conta aberta a nome da persoa responsable indicada no artigo 1.2, da cal deberá ser titular e deberá achegar seguindo as indicacións que consten na resolución definitiva da convocatoria.
2. Aos pagamentos aplicaráselles a normativa tributaria que corresponda vixente en cada momento e, en concreto, o disposto en materia do imposto sobre a renda das persoas físicas e que, en ocasións, podería dar lugar á práctica de retencións a conta do mencionado imposto por parte da UDC e as que se xeren da obriga para a persoa beneficiaria do premio de incluír na súa declaración de renda anual as cantidades que correspondan (o cumprimento das obrigas fiscais da persoa beneficiaria do premio será da súa responsabilidade exclusiva).

CAPÍTULO VI. Obrigas

Artigo 10. Obrigas e incumprimento das persoas candidatas e gañadoras

1. As persoas candidatas ou premiadas deberán cumprir con todo o que establece esta convocatoria e as bases reguladoras indicadas no artigo 1.2.
2. Os equipos gañadores comprométense a destinar a totalidade do premio económico ao desenvolvemento da solución presentada ao programa e que resultase gañadora.
3. No caso de incumprimento das súas obrigas ou renuncia deberán reintegrar a cantidade percibida.

CAPÍTULO VII. Persoal na xestión da adxudicación dos premios

Artigo 11. Unidade de tramitación

A xestión e o impulso do procedemento de adxudicación dos premios aos proxectos emprendedores, indicado no artigo 7, e a tramitación das solicitudes será realizada pola Unidade de Emprego da UDC.

A Unidade de Emprego da UDC será a responsable da Fase 1 do procedemento e de preparar as propostas das resolucións provisional e definitiva de candidaturas admitidas. Remítiralle estas propostas á vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade para que resolva e se publiquen no TEO.

Artigo 12. Comité Avaliador

Para a Fase 2 do procedemento de adxudicación dos premios aos proxectos emprendedores, indicado no artigo 7, a composición do comité avaliador dos proxectos presentados será a seguinte:

Titulares:

- Presidenta: María José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade, ou a persoa en quen delegue.
- Vogal 1: Paula María Castro Castro, adxunta da Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade, ou a persoa en quen delegue.
- Vogal 2: José Anta Álvarez, adxunto de Transferencia da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, ou a persoa en quen delegue.
- Vogal 3: Janet Fernández López, técnica de emprego da Unidade de Emprego da UDC.
- Vogal externo/a 1: Pilar Carretero Diaz, presidenta de Seniors Españoles para la Cooperación Técnica (SECOT).
- Secretaria: M.^a Inmaculada Muñoz Pliego, técnica de emprego da Unidade de Emprego da UDC.

Suplentes:

- Vogal 2: María Isabel Docampo Ramos, directora da Oficina de Transferencia de Coñecemento (OTC) da UDC.
- Vogal 3: Susana Aurora Gándara Carro, técnica de emprego da Unidade de Emprego da UDC.
- Secretaria: Ana Beatriz Rivera Cores, técnica de emprego da Unidade de Emprego da UDC.

Artigo 13. Xurado

Para a Fase 3 do procedemento de adxudicación dos premios aos proxectos emprendedores, indicado no artigo 7, a composición do xurado será a seguinte:

- Presidenta: María José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade, ou a persoa en quen delegue.
- Vogal 1: Paula María Castro Castro, adxunta da Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade, ou a persoa en quen delegue.
- Vogal 2: José Anta Álvarez, adxunto de Transferencia da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, ou a persoa en quen delegue.

- Vogal 3: Janet Fernández López, técnica de emprego da Unidade de Emprego da UDC.
- Vogal externo/a 1: representante de Seniors Españoles para la Cooperación Técnica (SECOT).
- Vogal externo/a 2: representante do Banco Santander.
- Secretaria: M.^a Inmaculada Muñoz Pliego, técnica de emprego da Unidade de Emprego da UDC.

Suplentes:

- Vogal 2: María Isabel Docampo Ramos, directora da Oficina de Transferencia de Coñecemento (OTC) da UDC.
- Vogal 3: Susana Aurora Gándara Carro, técnica de emprego da Unidade de Emprego da UDC.
- Secretaria: Ana Beatriz Rivera Cores, técnica de emprego da Unidade de Emprego da UDC.

Os/as vogais externos/as que forman parte tanto do comité avaliador como do xurado non poderán ter vínculos cos proxectos emprendedores que se avalían nin coas persoas candidatas coas que poidan incorrer en conflito de intereses.

O comité avaliador poderá declarar desertas as axudas na Fase 2 cando considere que a calidade das ideas de negocio emprendedoras presentadas non alcanza o mínimo esixido.

CAPÍTULO VIII. Uso de imaxe, propiedade intelectual e protección de datos

Artigo 14. Autorización de uso de imaxe e propiedade intelectual

A presentación da candidatura implica a aceptación total dos termos e condicións do Programa, indicados nas bases reguladoras establecidas co Banco Santander e mencionadas no artigo 1.2 da presente convocatoria.

Artigo 15. Protección de datos

De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), infórmase de que os datos facilitados na concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico rpd@udc.gal.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é a descrita nesta convocatoria. A persoa solicitante indicada no artigo 1.2 desta convocatoria será a responsable da

aceptación do establecido nesta disposición polo resto de persoas que poidan ser integrantes do equipo do proxecto. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

A concorrencia a esta convocatoria implica a publicación dos seus datos na resolución da solicitude, dentro do TEO da UDC.

A persoa interesada consente expresamente o citado tratamento de datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos quede xustificado con algunha das outras bases de lexitimación que se recollen no artigo 6 RXPd.

Así mesmo, ten dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento.

Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terán dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Estes dereitos poderanse exercer da seguinte maneira:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, no apartado "Outros trámites".
- b) Mediante unha solicitude por escrito á persoa responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico rpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal antes indicado, ou ben ao correo electrónico dpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da dita sede electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Do mesmo xeito, terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

O tratamento dos datos de carácter persoal que xestione o Banco Santander rexerese polo disposto nas bases reguladoras da convocatoria do Banco Santander indicada no artigo 1.2 e polo indicado na seguinte ligazón:

<https://www.santanderopenacademy.com/es/legal/privacy.html>.



Disposición derradeira primeira. Habilitación

Habilítase á vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade para interpretar e resolver cantas cuestións xurdan da aplicación desta resolución, que procederá, se é preciso, a ditar e publicar as instrucións necesarias para o seu desenvolvemento e cumprimento.

Disposición derradeira segunda. Recursos

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o xulgado competente do contencioso-administrativo, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso de reposición ante o reitor, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Ambos os prazos comezarán a contar desde o día seguinte á súa publicación no TEO.

Disposición derradeira terceira. Eficacia

Esta resolución producirá efecto a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

A vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade

**Anexo I. Memoria do proxecto emprendedor universitario**

(Este anexo poderase descargar en formato editable na ligazón:
<https://www.udc.gal/emprego/emprendemento/premios-prox-empred/>)

Datos do proxecto

Nome	
Actividade económica	

Persoas fundadoras e rol

Nome e apelidos	Rol

Fase do proxecto

Descrición (idea ou prototipo)	
MVP (produto mínimo viable)	
Proposta de valor (unha frase)	



Competencia	
Problema que resolve	
Vantaxes competitivas	
Retos do proxecto	

Modelo de negocio (3 primeiros anos)

Tipo (B2B, B2C, B2B2C)	
Ingresos	
Gastos	
Vendas	
Equipo	



Representante do proxecto para presentar a solicitude e percibir o importe do premio no caso de resultar premiado o proxecto:

Nome, apelidos e DNI:

Sinatura das persoas integrantes do proxecto emprendedor universitario:

Coa nosa sinatura as persoas participantes no proxecto aceptamos todas as disposicións da convocatoria da UDC e das bases reguladoras dos premios establecidas polo Banco Santander e manifestamos a aceptación do establecido sobre o tratamento de datos de carácter persoal.

Sinaturas dixitais e nome de cada persoa